

Para toda a familia



Se es dos que cren no **Apalpador**, en **Papá Noel** ou nos **Reis Magos**, este é o teu momento, pois son unhas datas nas que temos por costume facer agasallos e, desde a biblioteca do instituto, queremos recomendarvos algúns lugares para que fagades a vosa selección e logo pedirla a quen corresponda.


Se queres buscar un bo **agasallo** e non se che ocorre nada, consulta nestas seleccións de **produtos galegos** (música, libros, recursos electrónicos, comidas, agasallos en xeral) que nos ofrecen a Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización da Lingua (<http://www.coordinadoraendl.org/nadal2010/recursos/index.php>) e tamén a Secretaría Xeral de Política Lingüística: (http://www.xunta.es/linguagalega/produtos_tecnoloxicos_para_o_nadal) pois seguro que has atopar moitas ideas interesantes.

Neste nadal, o regalo estrela poida que sexa o **GALEOKE**, a versión galega do karaoke que che permitirá aprender e cantar moitas cancións galegas coas que facer festa en grupo. Podes coñecelo nesta páxina: www.galeoke.com e desde o 21 de decembro poderás mercalo nas tendas de música ou na www.toupa.net



Para os maiores


Kafka en la orilla: Haruki Murakami



Kafka Tamura marcha da casa o día no que cumpre quince anos. A razón pode ser polas malas relacións co seu pai e a sensación de baleiro producida pola ausencia de súa nai e de súa irmá. O azar, ou o destino, levarano ao sur do país onde vai atopar refuxio nunha peculiar biblioteca na que coñecerá a unha misteriosa muller maior, tan maior que podería ser súa nai, chamada Saeki. Tamén aparece Satoru Tanaka, personaxe que se comunica especialmente ben cos gatos.

Todo é silencio: Manuel Rivas

En Brétema, houbo un tempo en que as redes do contrabando, logo reconvertidas ao narcotráfico, acadaron tanta forza que estiveron moi preto de controlar o poder social, as institucións e as vidas da xente. Tamén narra a vida dun grupo de amigos (Fins, Leda e Brinco) que andaban á procura de restos de naufragios.



La estrategia del agua: Lorenzo Silva

É unha historia sobre os vaivéns dos vínculos humanos, os fallos do sistema xudicial, as modernas técnicas de investigación e o mal que ás veces se agocha nas personas das que menos sospeitaríamos.

Boletín Nadal 2010



Vacacións de nadal:

tempo para descansar,
para estar cos amigos,
para visitar a familia,
para viaxar, para ler,
tempo para recibir e
tempo para agasallar,
quizais para cantar!



Para sentir grandes emocións

El cielo está en cualquier lugar: Jandy Nelson



Lennie Walker, de dezasete anos, lectora empedernida e fanática da música, é clarinete segundo da banda do seu instituto. Vive feliz e sen contratempos á sombra de Bailey, a súa impetuosa irmá maior. Pero cando Bailey morre repentinamente, Lennie vaise ter que converter na protagonista da súa propia vida.


La casa de los amores imposibles:

Cristina López Barrio

A principios do século XX, Clara Laguna, unha fermosa adolescente namórase do dono dunha facenda. Entón súa nai, que é unha feitirceira chosca, advírteas sobre as consecuencias da súa relación: está condenada a sufrir o desamor.



La palabra más hermosa: Margaret Mazzantini



Esta é a historia de Gemma e de Diego. Ela está regresando xunto ao seu fillo Pietro a Sarajevo, preparada para reencontrarse co seu pasado. Alí estaa agardando o seu vello amigo Gojko, o poeta, con quen en 1984 coñecera a Diego, un fotógrafo ao recorda como o grande amor da súa vida. É unha impresionante novela que fala de paz e de guerra; do camiño para converternos en nais e pais mentres nos imos coñecendo a nós mesmos.

Para os máis pequenos

A filla do ladrón de bicicletas: Teresa González Costa

Serafina, que é filla dun ladrón de bicicletas, vive coa súa tía, dona Perfecta, nunha vila mariñeira. A súa máxima aspiración é ser equilibrista nun circo con Celerífera, a bicicleta coa que consegue abraiar, e cara a iso van enfocados todos os seus esforzos, aos que non serán alleos nin a axuda do vello Elías nin as dificultades que lle ocasionan a panda de Martiño o Bravo. É unha historia chea de ternura e humor que gañou o **Premio Merlín de Literatura Infantil 2010**.




Rubí, el amor más allá del tiempo: Kerstin Gier

Gwen pasa de ser unha moza normal a converterse en Rubí, a última viaxeira no tempo que debe levar a cabo unha importante misión: visitar os viaxeiros doutras épocas para pedirles que a axuden a descubrir un misterioso secreto. Non será fácil, pois algúns deles néganse a colaborar por motivos estraños.



Jim Botón y Lucas el maquinista: Michael Ende


Un maquinista de tren chamado Lucas vive coa súa locomotora Emma en Lummerland, nun país extraordinariamente pequeno e está ocupado na súa maior parte por unha montaña con dous picos, un alto e o outro máis baixo. Un día chega un gran paquete nun barco correo e ao abri-lo aparece un neno negro ao que lle poñen por nome Jim. Libro cheo de imaxinación.



Para gustos adestrados

A cociña de Larpeiros e Novas receitas da cociña de Larpeiros: Benigno Campos


Dúas obras que conteñen as deliciosas receitas do cociñeiro máis



popular da TVG. O segundo libro inclúe un CD con vinte coñecidas cantigas populares interpretadas polo propio cociñeiro. A calquera que lle regales estes libros vai gozar coas receitas, así como coas recomendacións do viño que deba acompañar a cada un dos pratos elaborados. Bo proveito!

Periferia: Iolanda Zúñiga

Nesta primería novela da autora, co que conseguiu o **Premio Xerais de Novela 2010**, Luciana e Brown xuntan os seus destinos, marcados polo amor, o narcotráfico e a violencia, nos lindeiros dunha das favelas de São Paulo. Narración polifónica, escrita ao ritmo do rap.



Contos das 1001 noites: Juan Tébar (adaptador)



Esta edición galega dos *Contos das mil e unha noites* é unha selección que inclúe “O conto das 1001 noites”, “O pescador e o xenio”, “Simbad, o mariño”, “Aladino e a lámpada maravillosa”, “Alí Babá e os corenta ladróns” e “A Historia de Parisad e os seus irmáns”. Un libro pensado para nenos e adultos pois estes contos universais son comprensibles para todos os públicos e idades.